



# ÍNDICE

<b>Preámbulo.</b> .....	3
<b>Aspectos xerais.</b> .....	4
<b>1. Visado de proxectos.</b> .....	6
- <i>Introdución.</i> .....	6
- <i>Composición.</i> .....	7
<i>Documento nº 1: Memoria.</i> .....	7
<i>Anexos.</i> .....	11
<i>Documento nº 2: Planos.</i> .....	13
<i>Documento nº 3: Prego de condicións.</i> .....	15
<i>Prego de condicións técnicas xerais.</i> .....	16
<i>Prego de condicións técnicas particulares.</i> .....	16
<i>Documento nº 4: Presuposto.</i> .....	18
<i>Documento nº 5: Estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de     seguridade e saúde.</i> .....	20
<i>Estudo de seguridade e saúde.</i> .....	20
<i>Estudo básico de seguridade e saúde.</i> .....	22
<b>2. Visado de dirección de obra.</b> .....	23
<b>3. Visado de anteprojectos.</b> .....	24
<b>4. Visado de medicións.</b> .....	26
<b>5. Visado de informes, ditames e peritaxes.</b> .....	29
<b>6. Visado de valoracións ou taxacións.</b> .....	31
<b>7. Visado de anexos como documentación complementaria de traballos     presentados anteriormente.</b> .....	33
<b>8. Visado de traballos que non se encadren na tipoloxía anterior.</b> .....	34

## PREÁMBULO

Estas normas foron elaboradas inicialmente como documento de traballo polos colexiados integrados na Comisión Sectorial de Visado de Traballos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, sendo posteriormente completadas coas propostas de inclusión e modificación realizadas por outros compañeiros, trala súa comunicación e exposición na páxina web do Colexio e no seu taboleiro de anuncios.

Definitivamente, foron ratificadas polos asistentes á Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 2 de abril de 2005, segundo consta na correspondente certificación que se incorpora ao final deste documento, entrando en vigor aos seis meses da súa aprobación, para dar tempo un tempo prudencial de adaptación aos colexiados.

As normas para o visado de traballos son consecuencia do desenvolvemento do disposto no artigo 5º q) da Lei 2/74, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais e nos Estatutos do Colexio, que concretamente no seu artigo 14º di que unha normativa reguladora establecerá o procedemento de visado.

Sendo necesaria a colexiación para o exercicio da profesión e obrigatorio someter a visado tódolos traballos elaborados polos colexiados, tal e como se dispón na Lei 11/2001 de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e, consecuentemente, nos nosos Estatutos, concretamente nos seus artigos 7º e 14º, o obxectivo perseguido pola Xunta de Goberno que promoveu a elaboración desta normativa non é outro que o de facilitar e homoxeneizar esta importante faceta da actividade colexial e o proxectala á sociedade coa que actuamos, a un nivel que incrementa o prestixio que xa posuímos.

O Colexio velará, en cumprimento do establecido nos seus Estatutos, por que os traballos profesionais dos colexiados, tanto se actúan de maneira individual como asociada, por conta propia ou contratados ao servizo de empresas, sociedades, etc., estean debidamente visados, e recordará e esixirá este requisito legal, cando teña coñecemento de incumprimentos, tanto aos profesionais, coma ás empresas ou ás administracións públicas.

O visado é un acto colexial de control profesional, que comprende a acreditación da identidade do colexiado, as súas atribucións para levar a cabo o traballo, a compatibilidade do profesional e o non estar suxeito a sanción disciplinaria que impida a súa actuación.

## ASPECTOS XERAIS

Os *traballos* estarán debidamente redactados, mecanografados, sen faltas de ortografía, correctamente presentados, encadernados ou encarpetados, contando cunha portada na que deben figurar, como mínimo, os seguintes datos rotulados:

- Título ou denominación do traballo. (Convén axustarse aos distintos tipos contemplados nesta normativa, para homoxenéizalas denominacións, aínda que poden completarse con especificacións.)
- Peticionario (nome e dous apelidos).
- Localización do obxecto do traballo (paraxe ou lugar, parroquia, concello e provincia).
- Localidade de redacción do traballo e data.
- Autor: nome, apelidos, titulación oficial, nº de Colexiado e Colexio ao que pertence.

A representación dos *planos* efectuarase en formato normalizado UNE (A-4, A-3, A-2, A-1, A-0, etc.), e entregaranse dobrados como a norma establece.

Tódolos planos levarán un recadro no que figuren os seguintes datos:

- Título do traballo.
- Peticionario.
- Emprazamento.
- Data.
- Escala.
- Autor: nome, apelidos, titulación, número de Colexiado e Colexio ao que pertence.
- Sinatura.

O dobrado dos planos non impedirá a súa lectura e evitará a súa rotura para este mester.

Tódolos exemplares dos traballos presentados a visar serán idénticos e en orixinal, non admitíndose que algúns deles incorporen fotocopias de parte ou de toda a documentación que os compoñen. Terase en conta que o Colexio quedará cun exemplar, que tamén debe ser igual que os restantes.

É aconsellable, tal e como se especifica no artigo 14º.2 dos Estatutos do Colexio, que o autor do proxecto, do informe ou calquera outro traballo profesional, subscriba co petionario unha folla de encargo ou contrato, que se xuntará, de existir, á documentación a visar. Para a defensa dos intereses do Colexiado este documento resultará imprescindible.

En ningún caso o visado comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, que son de libre acordo entre as partes, de conformidade coa lexislación sobre defensa da libre competencia e competencia desleal.

O colexiado é responsable da calidade técnica e do axuste á normativa sectorial correspondente do traballo que realiza e presenta para visado. O Colexio unicamente responde da corrección externa da documentación integrante do traballo, pero non das previsións, cálculos e conclusións que o integran.

A presentación dos traballos a visar no Colexio realizarase coa suficiente antelación para a súa correcta revisión e rectificación de ser necesario e, en todo caso, cun mínimo de tres días de antelación á data na que se pensen recoller.

# **1. VISADO DE PROXECTOS**

## **INTRODUCCIÓN**

Defínese como Proxecto ao conxunto de documentos e estudos tales que sexan capaces de defini-la obra de que se trata, de tal maneira que a mesma poda ser dirixida por facultativo distinto do que a proxectou.

O proxecto de obras, cando vai destinado á Administración pública, sexa Central, Autonómica ou Local, debe reunir unha serie de requisitos e cumpri-las normas que veñen especificadas na vixente Lei de Contratos das Administracións Públicas (R.D. Legislativo 2/2000, de 16 xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas) e o seu Regulamento (R.D. 1098/2001, de 12 outubro).

Cando se trata dun Proxecto para particulares, comunmente óbvianse grande parte dos anteriores requisitos e moitos documentos, pero en todo caso os condicionantes que esixe a Administración pública servirán de referencia para a redacción de todo tipo de proxectos.

Un Proxecto constará dos seguintes documentos:

- Memoria, cos seus correspondentes apartados.
- Anexos.
- Planos.
- Prego de Condicións (prego de prescricións e/ou condicións técnicas).
- Medicións e Presuposto.
- Estudo Básico ou Estudo de Seguridade e Saúde, segundo corresponda.

Ditos documentos, que poderán ser encadernados xuntos ou separadamente, constituirán un elemento único por cada exemplar, de forma que no caso de encadernarse separadamente se agruparán nunha carpeta ou caixa arquivadora de proxectos.

Os diferentes documentos do Proxecto encadernaranse de tal xeito que sexan presentados de maneira atractiva en forma de libro ou de calquera dos múltiples procedementos que se seguen para estes mesteres.

A portada do Proxecto, ou no seu caso de cada elemento encadernado separadamente, incluída a carpeta ou caixa arquivadora, levará impresa como mínimo os seguintes campos:

- Título do Proxecto completo, da forma máis breve e concreta posible e que permita unha correcta interpretación.
- Localización do Proxecto (paraxe ou lugar, parroquia, concello e provincia).
- Nome do cliente ou promotor.
- Nome do autor, baixo o epígrafe “O/A Enxeñeiro/a Técnico Agrícola” ou “O/A Perito Agrícola”, e debaixo “Colexiado/a nº \_\_\_ do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas que corresponda”.
- Localidade, mes e ano no que se redactou.

Tódalas páxinas e planos irán numerados correlativamente, debendo estar referidos nun índice xeral e outro de planos.

Teñen que datarse e asinarse, con indicación do concello onde reside o enxeñeiro ou perito redactor e do título de “O/A Enxeñeiro Técnico Agrícola” ou “O/A Perito Agrícola”, sinatura, pé de firma e “Colexiado/a nº \_\_\_ do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas correspondente”, as seguintes páxinas:

- a última páxina da Memoria,
- a última páxina do Prego de Condicións,
- a última páxina do cadro de Prezos en Letra e do Presuposto Xeral,
- a última páxina do Estudo Básico ou Estudo de Seguridade e Saúde, segundo corresponda,
- tódolos planos,
- tódolos anexos.

A sinatura será sempre orixinal, non admitíndose o seu fotocopiado nin calquera outro procedemento de reprodución dela.

## **COMPOSICIÓN**

### **Documento nº 1: MEMORIA**

A memoria constitúe o primeiro documento de cada proxecto. Supón unha parte importante del, porque nela se fundamentan e xustifican as solucións técnicas adoptadas en función das necesidades previstas, facendo un repaso a tódalas circunstancias que o rodean.

Será o máis concisa e completa posible, e nela consideraranse tódolos detalles precisos para a debida interpretación do Proxecto, é dicir, describirase resumida, explícita e claramente todo o que se proxecta, coas súas

características máis sobresaíntes, tanto en obras, coma en maquinaria, instalacións, labores, plantacións, etc.

Serán factores a considerar na Memoria: os económicos, sociais, administrativos e estéticos, así como as xustificacións da solución adoptada en cada unha das obras proxectadas. Indicarase nela os datos, cuxos detalles e desenvolvemento incluíranse en anexos separados.

Os puntos principais a tratar na Memoria serán os seguintes:

**1- Peticionarios**

Farase indicación dos titulares ou promotores do Proxecto, que serán iguais aos indicados na portada, e o destino e/ou uso do proxecto e os desexos e condicións fixadas polo cliente.

**2- Obxecto do proxecto**

Indicarase cal é o obxecto ou natureza do Proxecto e as metas que se pretenden lograr coa execución da obra proxectada.

**3- Emprazamento**

Neste apartado indicarase: nome da finca (e/ou referencia catastral), radicación (paraxe ou lugar, parroquia, concello e provincia), superficie e lindes.

**4- Descrición do proceso produtivo**

Farase unha descrición resumida dos procesos a desenvolver nas instalacións que se proxectan, baseándose nas unidades que se pretenden producir e que xustifiquen a súa dimensión e equipamento.

**5- Descrición xeral das obras**

Farase unha descrición das obras que se proxectan. No caso de edificacións, como mínimo expresaranse a súas dimensións exteriores (largo, ancho e altura), distribución interior, indicando as medidas das diferentes partes da instalación (corredores, prazas do gando, comedeiros, etc.)

Igualmente, farase unha descrición dos movementos de terra a realizar, xustificando a necesidade de achegas (*acopios*) externas ou, se é o caso, transporte a vertedoiro e a súa localización, todo elo en correspondencia co estudo xeolóxico correspondente.

**6- Descrición das obras existentes**

No caso de que existan.



## 7- Descrición detallada das obras

### a. *Cimentación*

Indicaranse dimensións e armadura das zapatas e das vigas de atado, tipos de formigón e aceiro utilizados.

### b. *Saneamento*

En aloxamentos gandeiros indicárase o tipo de saneamento utilizado. Se se realiza por medio de canles de xurros, indicárase as dimensións destas, materiais empregados en soleiras e alzados, así coma o espesor deles e o tipo e dimensións do enrellado (*emparrillado*).

### c. *Estrutura*

Farase unha descrición do tipo de estrutura utilizada (pórticos, vigas peraltadas, etc.). Indicarase a sección de vigas e piares, así coma a súa armadura, o tipo de formigón e aceiro usado e o tipo e material empregado nas correas.

### d. *Cuberta*

Farase mención do número de augas da cuberta, as súas pendentes e material utilizado na cubrición.

### e. *Saneamento da cuberta*

Indicaranse as dimensións dos canlóns e baixantes, así coma o seu tipo de material de construción.

### f. *Cerramentos*

Descríbese o seu tipo de material de construción, a clase de aparello, de morteiro utilizado, as súas alturas, etc.

### g. *Soleiras*

Especificárase, para cada unha das diferentes soleiras que se proxectan, a clase de material empregado nas distintas capas (*tongadas*), o seu espesor, a armadura utilizada (se é que a leva) e o tipo de remate ou acabado.

### h. *Tabicados*

Igual que o indicado no apartado de cerramentos.

### i. *Revestimentos*

Indicaranse os tipos de revestimentos utilizados en cada departamento e os materiais empregados.

### j. *Pinturas*

Descríbese o tipo de pintura utilizada nos paramentos de cada dependencia e o seu cor.

**8- Carpintería**

*Carpintería exterior e interior*

Especificarase o número de unidades iguais, as dimensións e o material de composición dos diferentes elementos que compoñen a carpintería exterior e interior (principalmente portas e ventás).

**9- Instalación eléctrica**

Indicarase a tensión que se instalará, o tipo e a sección de condutores da acometida, a potencia total instalada e a que se solicitará á compañía distribuidora.

*a. Cadro xeral*

Especificarase o tipo de mecanismos que forman parte do cadro xeral, indicando o número de elementos iguais, a súa intensidade e sensibilidade.

*b. Alumeado*

Farase mención da intensidade luminosa con que se proxectan cada unha das dependencias, o número de luminarias instaladas coa súa descrición, o tipo de lámpadas, a súa potencia, o número de liñas de distribución, o tipo de condutores, a súa sección e as características dos tubos de protección (material e diámetro) de cada circuíto.

*c. Forza*

Enunciaranse as necesidades de potencia a instalar en cada dependencia, o número de bases de enchufe instaladas coa a súa descrición e intensidade, o número de liñas de distribución, o tipo de condutores, a súa sección e as características dos tubos de protección (material e diámetro) de cada circuíto.

*d. Iluminación de emerxencia*

Indicarase o número de luminarias a instalar, a potencia das lámpadas, o tipo de condutores, a súa sección e as características dos tubos de protección (material e diámetro) de cada circuíto.

*e. Tomas de terra*

Describirase a forma de colocación, o tipo de condutor utilizado, a súa sección, a clase de material e dimensións das picas, etc.

**10- Instalación de fontanería**

Especificarase a procedencia do subministro de auga, a forma de conseguirla súa potabilidade, se é necesaria, as necesidades (litros/día), etc.

a. *Auga fría*

Indicarase o número de tomas, a súa descrición, o tipo de material e o diámetro das conducións.

b. *Auga quente*

Descríbese o tipo de quentador, con indicación da fonte calorífica e da súa potencia, o número de tomas, o tipo de material e o diámetro das conducións.

**11- Maquinaria**

Indicarase unha relación da maquinaria e equipamento, coas súas características técnicas e rendementos, a utilizar no proceso produtivo.

**12- Medidas correctoras**

Especificarase o tipo e cantidade de contaminantes producidos e a descrición das medidas correctoras necesarias.

**13- Presuposto**

Indicarase o importe do presuposto *en letra e en cifra*. Se se fai mención dos presupostos de execución material e de execución por contrata, terán que especificarse, ámbolos dous, en letra e en cifra.

## **ANEXOS**

### **Anexo nº 1: MEMORIA URBANÍSTICA**

Dirase a finalidade e o uso da construción proxectada, a cualificación urbanística do solo, a normativa e Ordenanzas aplicables. Inclúese o cadro de xustificación de adecuación á normativa urbanística e a xustificación da adecuación das obras ao seu contorno.

No caso de que esta memoria sirva ao mesmo tempo, por non presentarse con anterioridade como traballo diferenciado, para a xustificación do cumprimento da normativa ao respecto e a obtención da cualificación e autorización previa da autoridade competente en materia urbanística, se desenvolverá, incluída a reportaxe fotográfica, segundo as Circulares 2/2003 e 3/2003, do 31 de xullo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, que establecen os criterios para a aplicación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tendo en conta calquera outra normativa sectorial ou de posterior publicación que sexa de aplicación.

### **Anexo nº 2: CERTIFICACIÓN DE SUPERFICIE**

Nela é preciso indica-lo nome da finca, a súa situación e lindes, a metodoloxía utilizada para a medición e a superficie da parcela.

### **Anexo nº 3: DESCRIPCIÓN DETALLADA E XUSTIFICACIÓN DO PROCESO PRODUCTIVO**

Nel é preciso describir detalladamente as distintas fases do proceso produtivo, xustificando as necesidades necesarias para o dimensionamento das instalacións, maquinaria e equipamentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade que se pretende realizar.

### **Anexo nº 4: ESTUDO XEOLÓXICO**

Descríbanse as características xeolóxicas do terreo onde se pretende executa-lo proxecto.

### **Anexo nº 5: CÁLCULOS TOPOGRÁFICOS**

Neste anexo calcularanse os movementos de terra necesarios para a correcta execución das obras proxectadas, incluíndo o correspondente cadro de cubicación.

### **Anexo nº 6: CÁLCULOS CONSTRUCTIVOS DE ELEMENTOS ESTRUCTURAIS**

É necesario que consten, como mínimo, as cargas ou accións a ter en conta, a presión admisible do terreo, o tipo de materiais utilizados, os coeficientes de seguridade, así como describi-lo seu sistema de cálculo. No caso de realiza-los cálculos con ordenador, incluíranse os listados totais de cálculo e os particularizados para cada elemento. Nas fórmulas especificarase o valor de cada un dos seus símbolos.

### **Anexo nº 7: CÁLCULOS DE ILUMINACIÓN**

Farase mención das necesidades de iluminación, coeficientes do local, do tipo de luminarias a instalar, do seu fluxo luminoso, cálculo do fluxo luminoso (lumens) a instalar, e cálculo do número de luminarias por dependencia.

### **Anexo nº 8: CÁLCULO DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA**

Indicarase o tipo de tensión a utilizar, o material dos condutores, a lonxitude e a potencia instalada en cada liña de distribución. Efectuarase o cálculo da sección, da intensidade e a caída da tensión de cada circuíto. Comprobarase que os datos obtidos cumpren o especificado no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

### **Anexo nº 9: CÁLCULO DA VENTILACIÓN (de ser necesario)**

Especificaranse as dimensións do local e a produción de calor e vapor de auga polos animais. Realizarase o cálculo da ventilación en inverno e en verán, indicando todos aqueles datos que sexan necesarios para conseguila (número e dimensións dos ocos, a súa localización, tipo, potencia e radicación dos extractores, etc.)

### **Anexo nº 10: CÁLCULO DA CALEFACCIÓN (de ser necesario)**

Indicaranse as dimensións do local e as necesidades térmicas dos animais, así como o cálculo da calefacción, que se realizará con indicación do tipo de fonte de calor utilizado e a súa potencia.

**Anexo nº 11: CÁLCULOS FRIGORÍFICOS** (de ser necesario)

É preciso indica-las dimensións das cámaras, a temperatura que é necesario conseguir, os materiais illantes empregados, etc. Farase o cálculo do espesor do illamento e das necesidades frigoríficas.

**Anexo nº 12: PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS**

Especificarase a normativa en vigor, a diferenciación en sectores, a ocupación, rutas de evacuación en caso de incendio, comportamento ante o lume dos materiais empregados na construción e a descrición das instalacións proxectadas para a protección contra incendios.

**Anexo nº 13: PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**

Indicarase a normativa en vigor. Identificaranse as fontes sonoras e cuantificarase o son emitido. Farase unha análise da capacidade de illamento dos materiais e finalmente realizarase o cálculo do illamento.

**Anexo nº 14: MEDIDAS CORRECTORAS MEDIOAMBIENTAIS**

Efectuarase o cálculo da produción de contaminantes, das dimensións dos receptáculos de almacenamento, o modo de eliminación dos contaminantes, etc.

**Anexo nº 15: PROGRAMA DE EXECUCIÓN DA OBRA**

**Anexo nº 16: ANEXO FOTOGRÁFICO**

**Anexo nº 17: LEXISLACIÓN APLICABLE**

Xustificarase a adecuación do proxecto á normativa sectorial que sexa de aplicación.

**Anexo nº 18: ACCESIBILIDADE E BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS**

Xustificarase a adecuación do proxecto á normativa sectorial que sexa de aplicación.

**Anexo nº 19: CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN TÉRMICAS DOS EDIFICIOS**

Xustificarase a adecuación do proxecto á normativa sectorial que sexa de aplicación.

**Documento nº 2: PLANOS**

En tódolos planos deberán figura-las súas medidas, de tal forma que calquera persoa distinta ao redactor do proxecto poda executa-la obra sen necesidade de consultar outro documento.

Tódolos planos ateranse ao formato UNE (A-4, A-3, A-2, A-1, A-0, etc.) *dobrados* co mesmo tamaño, de tal forma que na súa cara externa apareza un recadro, onde se expresará necesariamente:

- Título completo do proxecto.
- Localización.
- Nome do cliente ou promotor.
- Sinatura orixinal do autor do proxecto baixo o rótulo “O/A Enxeñeiro Técnico Agrícola” ou “O/A Perito Agrícola” e pé de firma co nome e número de colexiado, así como o Colexio de pertenza.
- Data.
- Título do plano.
- Escala ou escalas.
- Número de orde do plano.

A composición do documento de planos será a seguinte:

## **Nº 0: ÍNDICE DE PLANOS**

### **Nº 1: PLANO DE SITUACIÓN**

Nel incluíranse, se se consideran necesarios, planos da zona a escala 1:200.000 ou 1:250.000, e de situación a escala 1:5.000. Os dous planos orientaranse e indicaranse cun círculo, no primeiro, e coa silueta da finca, no segundo, o lugar no que se radicará o Proxecto.

En concellos que posúan planeamento urbanístico, realizarase o plano de situación sobre a copia do plano da súa correspondente normativa.

### **Nº 2: PLANO DE EMPRAZAMENTO**

Representarase a finca na que se radicará o Proxecto a escala 1:500 ou inferior; nela reflectiranse as edificacións existentes e as novas a realizar, recuados (*retranqueos*) a lindes, nomes dos propietarios de fincas limítrofes ou referencias catastrais, orientación, superficie da finca, etc.

### **Nº 3: PLANO DE PLANTA DE DISTRIBUCIÓN ACOUTADO**

Indicarase as superficies e/ou volumes, segundo proceda, das diferentes partes das construcións, coas medidas correspondentes.

### **Nº 4: PLANO DE PLANTA DE CIMENTACIÓN E SANEAMENTO**

Incluirá o cadro de zapatas, vigas de atado e cadro de características da EHE. Se a complexidade do proxecto o require, faranse planos de detalle.

### **Nº 5: PLANO DE ESTRUTURA**

Neste plano representaranse os testeiros, vigas de atado, pórticos, vigas peraltadas, muros de contención, etc. (Todos coas súas medidas.)

Nos elementos que non sexan prefabricados indicárase o despece das súas armaduras.

Reflectirase o cadro de características da EHE, nas que se indicarán os tipos de materiais a utilizar e coeficientes de seguridade.

#### **Nº 6: PLANO DE CUBERTA**

Indicarase as pendentes de tódolos *faldóns* que constitúan a cuberta. Nel pódense representar, mediante un corte, as correas que soportan a cuberta.

#### **Nº 7: PLANO DE SECCIÓNS**

Nestas reflectiranse coas súas medidas os diferentes niveis, o espesor das distintas capas que constitúan as soleiras e os materiais que as conforman, así como anchura e alto das canles de xurros, con indicación dos materiais construtivos, tanto dos muros coma da súa soleira.

Indicarase tamén o tipo de correas utilizadas e a súa separación.

#### **Nº 8: PLANO DE ALZADOS**

Reflectiranse os alzados das construcións a realizar.

#### **Nº 9: PLANO DE INSTALACIÓN DE FONTANERÍA**

Representaranse tódalas conducións de fontanería (auga fría e/ou quente), tipo do seu material constitutivo e o seu diámetro, mecanismos de corte e control, bebedoiros, aparatos sanitarios, etc.

#### **Nº 10: PLANO DE PLANTA DE ELECTRICIDADE**

Reflectiranse tódolos circuítos de distribución, radicación das luminarias e bases de enchufes, cadro xeral, interruptores ou conmutadores e calquera outro mecanismo a utilizar.

Nas liñas de distribución indicarase as seccións dos condutores e o diámetro dos tubos de protección.

Nas luminarias e bases de enchufes indicarase o seu tipo e potencia.

#### **Nº 11: PLANOS DOUTRAS INSTALACIÓNS**

### ***Documento nº 3: PREGO DE CONDICIÓNNS***

O Prego de Condiciónns Técnicas estará adaptado ás partidas de que consta o Proxecto.

O Prego de Prescriciónns e/ou Condiciónns Técnicas describirá con detalle os traballos obxecto do Proxecto, indicando:

- Características dos materiais a empregar e ensaios a que se someterán, indicando as condiciónns mínimas que deban reunir.
- Normas para a elaboración das distintas fábricas.
- Programación das obras e instalaciónns, e precauciónns a adoptar durante os traballos de construción e montaxe.
- Modo de medir e valora-las distintas unidades e forma de abono de cada partida.

- Normas de recepción provisional e definitiva, aplicación de fianza e prazo de garantía.
- Rendemento da maquinaria e as súas condicións.
- Características especiais de unidades determinadas.
- Lexislación que afecta e que deberá respectarse na execución do proxecto.
- Proceso de execución.
- Condicións económicas nas que deben realizarse os traballos, así como as súas medicións e forma de abono.

Cando as melloras obxecto do Proxecto se realicen por xestión directa da propiedade, o Prego de Condicións poderá excluí-los apartados usuais e específicos da realización por contrata.

En cuanto ás prescricións técnicas de execución, bastará normalmente con facer referencia aos correspondentes artigos das instrucións vixentes.

Tamén é de aplicación a este documento a prohibición de indicar marcas, nomes ou referencias comerciais dos equipos ou elementos do Proxecto, excepto cando o traballo estea destinado a un concurso, cuxas bases esixan a indicación de marcas.

En resumo, é o documento que manda cando existen discrepancias entre contratista e dirección de obra, de tal forma que o establecido nel ten prioridade sobre o indicado en calquera outro documento do Proxecto, no suposto de que houbera contradicións. Dentro do Prego de Condicións distingúirase entre o Prego de Prescricións Técnicas Xerais e Particulares.

### **Sección 1ª: Prego de Prescricións Técnicas Xerais**

O Prego de Prescricións Técnicas Xerais fai referencia a cuestións de índole xeral que afectan a tódalas obras e se refiren á: normativa vixente nos diferentes aspectos de tecnoloxía da edificación, responsabilidades do contratista, funcións da dirección de obra, prazos de execución e garantía, contradicións entre os diferentes documentos do Proxecto, etc.

A normativa vixente para as diferentes partes que compoñen o Proxecto debe figurar neste apartado. Entre elas, no anexo correspondente, relacionaranse as máis comúns.

### **Sección 2ª: Prego de Prescricións Técnicas Particulares**

Esta parte do Prego de Condicións é a específica da obra obxecto do Proxecto. Nela débese empezar por describi-lo proxecto, con indicación da súa radicación, características, etc., facendo unha especie de resumo do indicado na Memoria.



Ademais, de seguido, débense indica-las características que teñen que reuni-los materiais a empregar, indicando a tal fin procedencia, calidade, ensaios e controis a que deben someterse para xustificar tal calidade e características esixidas.

Tamén, farase referencia ás normas ou indicacións para a elaboración das distintas unidades de obra, con indicación das precaucións a adoptar durante a súa execución e ensaios e análises para a comprobación da súa bondade.

Igualmente, débese indica-la forma de medición das distintas unidades de obra e a forma da súa valoración e abono.

Nas partidas alzadas, cando existan, débese sinalar como se abonan. Neste sentido, cabe destacar que hai dous tipos, a saber: as de “*abono íntegro*”, que supoñen o abono dunha cantidade fixa establecida en razón da súa difícil cuantificación; e a de “*a xustificar*”, cando non se coñece previamente a medición que pode resultar, polo que o seu abono virá determinado pola medición do número de unidades que resulten polo seu prezo unitario.

Neste documento do Proxecto consignarase *expresamente* ou *por referencia* aos Pregos de Prescricións Técnicas Xerais que resulten de aplicación: as características que teñan que reuni-los materiais, sementes ou plantas a empregar, e ensaios a que se someteran para comprobación das condicións que deben cumprir, as normas para a elaboración das distintas unidades de obras, as instalacións que se esixirán e as precaucións a adoptar durante a construción.

Igualmente, detallaranse as formas de medición e valoración das distintas unidades de obra e as de abono das partidas alzadas, establecerase o prazo de garantía e especificaranse as normas e probas previstas para as recepcións.

En ningún caso, estes Pregos conterán cláusulas de carácter económico, administrativo ou contractual, que deberán figurar no Prego de Cláusulas Administrativas.

Polo tanto, no Prego de Prescricións Técnicas Particulares desenvolveranse os seguintes puntos:

1. Descrición das obras obxecto do Proxecto.
  - a. Situación.
  - b. Breve descrición das obras.
  - c. Principais unidades de obra a realizar (cantidade e custo).
2. Características que teñen que reuni-los materiais, sementes ou plantas a empregar.
  - a. Características.

- b. Procedencia dos materiais naturais. Só cando esta procedencia defina unhas características particulares que unicamente se presenten nese suposto.
  - c. No caso de indica-la procedencia, xustificarse nun anexo da Memoria a necesidade de empregar ditos materiais.
  - d. Ensaio e análises a que se someterán os materiais, para comprobar que reúnen as características esixidas.
3. Normas para a elaboración das distintas unidades de obra.
    - a. Forma de execución de ditas unidades de obra.
    - b. Precaucións a adoptar durante a execución.
    - c. Ensaio e análises para comprobar a súa bondade.
  4. Forma de medición das distintas unidades de obra.
  5. Valoración das unidades de obra.
  6. Forma de abono das partidas alzadas, cando existan.
  7. Prazo de garantía (en xeral non inferior a un ano).
  8. Normas e probas previstas para a recepción das obras.

O prego de Prescricións Técnicas Particulares deberá ser asinado só ao final.

O prego de Prescricións Técnicas, como documento básico do Proxecto que é, irá datado e asinado polo autor ou autores do Proxecto, ao igual que os anteriores documentos.

#### **Documento nº 4: PRESUPOSTO**

O presuposto constará de:

#### **MEDICIÓN**

O seu cálculo estará baseado nos planos. Por esta razón é necesario que estean perfectamente debuxados a escala e acoutados.

Na medición das obras de fábrica cubriranse as diferentes unidades de obra que interveñen nelas. Expresaranse nas mesmas unidades de obra descritas no Prego de Condicións para esas partidas.

#### **CADRO DE PREZOS EN LETRA**

Neste cadro consignaranse en letra tódalas unidades de obra precisas para a execución das obras que se proxectan e as que se prevexan podan aparecer durante a execución.

As unidades de obra irán numeradas e tódalas follas destes prezos irán asinadas.

**CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS** (Son recomendables en tódolos casos e obrigatorios cando o Proxecto se realice para a Administración)

Este cadro é o detalle dos prezos das unidades de obra en letra.

Para compoñer un prezo, no seu cálculo terase en conta:

- A man de obra.
- Os materiais, plantas e/ou sementes, aos prezos resultantes a pé de obra, que queden integrados na unidade de que se trate ou que sexan necesarios para a súa execución.
- Os gastos que orixine a maquinaria e instalacións utilizadas na execución da unidade de obra.
- A porcentaxe dos custos indirectos, que será igual para tódalas unidades de obra.

Os prezos descompostos irán asinados na mesma orde que figuren no cadro de prezos en letra e terán sempre a mesma definición e identificación que nas Medicións e en Presupostos.

Os prezos unitarios descompostos non incluírán concepto de modo de porcentaxe, salvo os medios auxiliares, nin conceptos globalizados nos prezos simples de man de obra, materiais e maquinaria ou prezos auxiliares.

Se o prezo da unidade de obra non fose posible a súa descomposición, deberá constar: “Sen descomposición”.

**PRESUPOSTOS PARCIAIS** (Son recomendables en tódolos casos e obrigatorios cando o Proxecto se realice para a Administración)

Os presupostos parciais refírense ao resultado de multiplicar o número de unidades de obra de cada capítulo polo seu prezo unitario. Temos así Presupostos Parciais que agrupan as unidades de obra máis afíns, por exemplo, movementos de terras, estrutura, albanelería, fontanería, instalación de alumado, etc.

A suma dos presupostos de execución material das partidas calculadas mailas partidas alzadas dun Capítulo, constitúen o total do presuposto de execución material, é dicir, é un presuposto parcial do Proxecto.

No presuposto xeral de execución material figurarán tantos presupostos parciais como sexan necesarios para dar unha idea máis precisa do valor do Proxecto.

### **PRESUPOSTO XERAL**

O Presuposto Xeral de Execución Material fórmase coa suma dos diferentes presupostos parciais do Proxecto por capítulos. Débese indica-lo peso en % de cada capítulo dentro do Presuposto Xeral.

### **RESUMO XERAL DE PRESUPOSTOS**

Como resultado final do Proxecto temos tres tipos de presupostos, para elixir segundo a finalidade e promotor do Proxecto: Presuposto de execución material, Presuposto de execución por Administración e Presuposto de execución por contrata.

*Presuposto de execución material*, obtido da suma dos diferentes Presupostos Parciais. (En moitos casos de proxectos para particulares é o que figura ao final do Proxecto. Sobre el aplícanse os honorarios orientativos e o cálculo de dereitos de visado de redacción do Proxecto.)

*Presuposto de execución por Administración*: esta modalidade só se empregará naqueles casos que estritamente se considere necesario, por exemplo en proxectos que utilicen persoal ou maquinaria propios, debendo xustificarse na memoria o motivo de elección desta particular modalidade. Se obtén engadindo ao Presuposto de Execución Material o IVE correspondente para os prezos dos materiais e subministracións.

*Presuposto de execución por contrata*, que se obtén ao sumar ao Presuposto de Execución Material o % de Gastos Xerais (entre o 13% e o 17%) e o beneficio industrial do Contratista (6%), aplicando o IVE vixente (16%) á suma de todo o anterior.

O presuposto final de execución escribirase en letra e cifra e virá datado, asinado e asignado polo/s autor/es do proxecto, con indicación do seu número de colexiado e colexio de pertenza.

En tódolos documentos do Presuposto figurará a descrición completa das distintas partidas.

Non se poderán presuposta-las instalacións por partidas alzadas, a non ser que se faga unha descrición pormenorizada delas, que inclúa a relación e medición de tódolos seus compoñentes.

## **Documento nº 5: ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE OU ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

### **ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

De acordo co disposto no artigo 4º do R.D 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE núm. 256, do 25/10/1997), o promotor estará obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un *Estudo de Seguridade e Saúde* nos proxectos nos que se dean algúns dos seguintes supostos:

- a. Que o presuposto de execución en obra civil por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 75 millóns de pesetas (450.759,08 €).
- b. Que a duración estimada das obras sexa superior a 30 días laborais, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.
- c. Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.

- d. As obras de túneles, galerías, conduci3ns subterráneas e encoros.

Segundo a mesma normativa anteriormente citada, nos proxectos de obras non incluídos en ningún dos supostos previstos no apartado anterior, o promotor estará obrigado a que na fase de redacci3n do proxecto se elabore un *Estudo Básico de Seguridade e Saúde*.

O *Estudo de Seguridade e Saúde*, segundo se establece no artigo 5º do citado decreto, constará dos seguintes documentos:

- a. Memoria, descritiva dos procedementos, equipos técnicos e medios auxiliares que se utilizarán ou cuxa utilizaci3n poda preverse; con identificaci3n dos riscos laborais que podan evitarse, sinalando a tal efecto as medidas técnicas necesarias para elo; e relacionando os riscos laborais que non poden eliminarse conforme ao sinalado anteriormente, especificando as medidas preventivas e protecci3ns técnicas tendentes a controlar e reducir ditos riscos e valorando a súa eficacia, en especial cando se propoñan medidas alternativas.

Igualmente, incluirá a descripci3n dos servizos sanitarios e comúns dos que deberá dotarse o cento de traballo da obra, en funci3n do número de traballadores que vaian a utilizalos.

Na elaboraci3n da memoria teranse en conta as condici3ns do contorno no que se realice a obra, así como a tipoloxía e características dos materiais e elementos que se teñan que utilizar, determinaci3n do proceso construtivo e orde de execuci3n dos traballos.

- b. Prego de condici3ns particulares, no que se terán en conta as normas legais e regulamentarias aplicables ás especificaci3ns técnicas propias da obra de que se trate, así como as prescripci3ns que deberán cumprirse en relaci3n coas características, a utilizaci3n e a conservaci3n das máquinas, útiles, ferramentas, sistemas e equipos preventivos.
- c. Planos, nos que se reflectirán os gráficos e esquemas necesarios para a mellor definici3n e compresi3n das medidas preventivas definidas na Memoria, con expresi3n das especificaci3ns técnicas necesarias.
- d. Medici3ns, de tódalas aquelas unidades ou elementos de seguridade e saúde no traballo que foran definidos ou proxectados.
- e. Presuposto, que cuantifique o conxunto de gastos previstos para a aplicaci3n e execuci3n do estudo de seguridade e saúde.

O *Estudo de Seguridade e Saúde* deberá formar parte do proxecto de execución de obra ou, no seu caso, do proxecto de obra e será coherente co seu contido, recollendo as medidas preventivas adecuadas aos riscos que supoña a realización da obra.

O presuposto para a aplicación do *Estudo de Seguridade e Saúde* deberá cuantifica-lo conxunto de gastos previstos, tanto polo que se refire á suma total coma á valoración unitaria de elementos, con referencia ao cadro de prezos sobre o que se calcula. Só poderán figurar partidas alzadas nos casos de elementos ou operacións de difícil previsión. Este presuposto debe ir incorporado ao presuposto xeral da obra, como un capítulo máis del.

Non se incluírán no presuposto do *Estudo de Seguridade e Saúde* os custos esixidos pola correcta execución profesional dos traballos, conforme ás normas regulamentarias en vigor e os criterios xeralmente admitidos, emanados de organismos especializados.

O *Estudo de Seguridade e Saúde* a que se refiren os parágrafos anteriores debe ter en conta, no seu caso, calquera tipo de actividade que se leve a cabo na obra, debendo estar localizadas e identificadas as zonas nas que se presten traballos dos incluídos nun ou varios dos apartados do anexo II do R.D. 1627/1997, así como as súas correspondentes medidas específicas.

En todo caso, no *Estudo de Seguridade e Saúde* contemplaranse tamén as previsións e as informacións útiles para efectuar no seu día, nas debidas condicións de seguridade e saúde, os previsibles traballos posteriores.

## **ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

O *Estudo Básico de Seguridade e Saúde* deberá precisa-las normas de seguridade e saúde aplicables á obra. A tal efecto, contemplará a identificación dos riscos laborais que podan ser evitados, indicando as medidas técnicas necesarias para elo, así como a relación dos riscos laborais que non podan eliminarse conforme ao sinalado anteriormente, especificando as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir ditos riscos e valorando a súa eficacia, en especial cando se propoñan medidas alternativas. No seu caso, terá en conta calquera outro tipo de actividade que se leve a cabo na obra e conterà medidas específicas relativas aos traballos incluídos nun ou varios dos apartados do anexo II do R.D. 1627/1997.

No Estudo básico de Seguridade e Saúde contemplaranse tamén as previsións e informacións útiles para efectuar no seu día, nas debidas condicións de seguridade e saúde, os previsibles traballos posteriores.

## **2. VISADO DE DIRECCIÓN DE OBRA**

A efectos da súa presentación, unha Dirección de Obra constará dos seguintes documentos:

1. Folla de Encargo da Dirección de Obra ou do Final de Obra (se existira).
2. Folla de Nomeamento do Director de Obra.
3. Libro de Ordes.
4. Certificado Final da Dirección de Obra (emitirase unha vez que se finalicen).
5. Se se refire a un proxecto non visado no Colexio, axuntarase unha copia do citado documento.

A Folla de Encargo, se se incorpora, estará datada e asinada polo Promotor e o Técnico con data anterior ao nomeamento de Dirección de Obra, que tamén estará asinada por ámbolos dous.

A relación das obras que se certifican encabezarase co título “*Obras que se valoran*” (En lugar de referirse a elas como presuposto).

No Colexio quedará un exemplar completo do Certificado Final de Obra.

No certificado final da Dirección de Obra deberá constar:

- Título do traballo.
- Emprazamento.
- Data.
- Valor da obra certificada e coincidencia ou non co presuposto do Proxecto.
- Autor: nome, apelidos, número de colexiado e colexio ao que pertence.
- Que se achegan planos, se as modificacións o requiren.
- Que se achega presuposto con unidades de obra executadas, se houbo modificacións.
- Sinatura.

### **3. VISADO DE ANTEPROXECTOS**

Realizaranse segundo as normas establecidas, vixentes en cada momento, pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei do Solo e das que o Colexio procurará dispoñer de forma actualizada.

No Anteproxecto polo menos deben consta-los seguintes documentos:

- Memoria descritiva e xustificativa
- Certificación catastral descritiva e gráfica da parcela.
- Certificación rexistral da finca.
- Reportaxe fotográfica.
- Planos de información e das construcións proxectadas.

A *memoria* recollerá tamén os datos previos suficientes, antecedentes, bases de estudo e cálculo, estudo de posibles solucións, descrición xeral das obras, instalacións ou traballos, programa de necesidades, tenteo de medicións e prezos, con presuposto estimado cando non se trate dunha memoria estritamente con finalidade urbanística.

En xeral, a memoria recollerá todos aqueles detalles ou datos que supoñan un estudo progresivo con relación ao Estudo Previo, como podan ser necesarios para solicitar concesión ou autorización administrativa, créditos u outros, o que supón necesariamente o que deba redactarse e presentarse o proxecto definitivo para o seu outorgamento.

Os *planos* serán como mínimo os seguintes:

- Plano de situación a escala mínima 1:5.000 e sobre o planeamento municipal, no caso de existir, que permita identificar suficientemente a parcela sobre a que se vai situa-la edificación, as vías públicas de acceso, as edificacións existentes e as características morfolóxicas do terreo e como mínimo nun radio de 500 m.
- Plano acoutado da parcela a escala mínima 1:500, no que se reflecta a forma, dimensións, topografía e superficie da finca, nomes dos propietarios estremeiros, posición das vías públicas de acceso indicando o seu largo, acoutando as dimensións de tódalas edificacións proxectadas e existentes, e as distancias a lindeiros e vías de acceso.
- Planos dos alzados, sección e planta de cuberta nos que se reflectan as alturas das edificacións a escala mínima 1:50.
- Detalles en sección da fachada e da cuberta, nos que se reflectan as características construtivas e os materiais e acabados previstos.
- Plano de cada unha das plantas das edificacións previstas.



- Planos do estado actual e modificado dos perfís do terreo e da parcela (lonxitudinal e transversal) respecto da situación elixida para o emprazamento das edificacións previstas. No caso de realizar socalcos, xustificar graficamente os acabados destes.
- Bosquexos acoutados dos principais elementos.
- Calquera outro que se considere preciso polo Enxeñeiro Técnico Agrícola ou Perito Agrícola.

## **4. VISADO DE MEDICIÓN**

Todo informe de medición ou levantamento topográfico constará dos seguintes documentos:

- Memoria.
- Planos.

Os traballos topográficos, xa sexan medicións, peritaxes, segregacións, etc., presentaranse en formato informe, que conteña as seguintes características de presentación:

- Encadernación axeitada en carpetilla de coidada presentación, con rotulación de portada.
- Na portada incluíranse os seguintes datos:
  - Título do traballo.
  - Situación.
  - Peticionario.
  - Data.
  - Autor (nome, apelidos, titulación, nº de colexiado e colexio ao que pertence).

O texto do informe conterá a explicación necesaria a efectos de especifica-los seguintes aspectos que sexan necesarios:

1. Encargo. Indicando nome, apelidos, domicilio e NIF da persoa que encarga o traballo ou, no seu caso, nome, domicilio social e CIF se é persoa xurídica, comunidade de bens, etc.
2. Obxecto da medición. Indica-la finalidade que ten a medición (por exemplo, corrixir un erro no catastro, coñecemento de superficie cultivable, partición, deslinde, etc.)
3. Emprazamento da parcela.
4. Descrición da finca a medir. Como por exemplo:
  - a. Nome da finca.
  - b. Paraxe.
  - c. Datos catastrais (Concello, polígono, parcela...)
  - d. Superficie catastral ou en título.
  - e. Cualificación do solo.
  - f. Lindes.
  - g. Accesos.
  - h. Grado de parcelamento e topografía do terreo.
  - i. Descrición do tipo de rego.
  - j. Breve descrición das características agronómicas das parcelas.

- k. Datos rexistrados (tomo, libro, folio, finca, número, inscrición, propietario).
  - l. Servidumes e cargas, se as hai.
5. Metodoloxía da medición. Indica-lo sistema utilizado para realiza-la medición: estación total, taquímetro, triangulación, etc.
6. Documentación complementaria, en función das variantes da medición:
- a. *A partición, parcelamento, segregación, agrupación dunha ou varias parcelas.*  
Neste caso especificarase o criterio de partición, segregación ou agrupación, o método empregado, os resultados parciais, as novas liñas divisorias coas súas lonxitudes e medidas de referencia, etc.
  - b. *O deslinde e o amolloamento dunha parcela.*  
Neste caso describirase o perímetro inspeccionado do predio obxecto de medición, indicando os puntos de referencia tomados, a redacción da correspondente acta de deslinde e, finalmente, a descrición do amolloamento.
7. Resultados obtidos. Indica-lo resultado da medición expresado en m<sup>2</sup>. Tamén se pode expresar a título informativo nas medidas locais ou comarcais.
8. Certificación da medición. Toda medición debe levar a súa correspondente certificación do resultado, que valide esa medición.  
Asinarase e datarase ao final, con identificación da firma: nome, apelidos, titulación, nº de colexiado e colexio ao que pertence.

Nos *Anexos* pódense acompañar-las coordenadas do levantamento topográfico, fotocopias de escrituras ou títulos se procede, cédulas catastrais, fotografías, cálculos, etc.

Nos *Planos* serán necesarios a lo menos dous: o de situación e o da medición. É necesario incluír un plano de situación que conteña como mínimo a información necesaria para que, mediante a súa interpretación, a outra persoa allea á medición, lle permita acceder ao lugar indicado. Por exemplo: plano do concello (1:50.000 ó 1:100.000), plano de emprazamento (1:5.000 ou 1: 10.000) e, se se dispón, plano parcelario ou catastral con medición de fincas.

O plano da medición realizarase á escala adecuada, que permita a interpretación dos planos, a identificación dos perímetros, lindes, detalles, etc.

É conveniente o levantamento e representación en planos de elementos que configuren a parcela, como edificacións, muros, peches, elementos vexetais destacados, taludes (*noiros*), etc.

A representación dos planos efectuarase en formato normalizado UNE (A-4, A-3, A-2, A-1, A-0, etc.) e entregaranse dobrados como a norma establece.

Tódolos planos levarán un recadro no que figuren os seguintes datos:

- Título do traballo.
- Peticionario.
- Emprazamento.
- Data.
- Escala.
- Autor: nome, apelidos, titulación, número de colexiado e colexio ao que pertence.
- Sinatura.

A presentación e dobrado dos planos non impedirá a súa lectura e evitará que se teñan que romper para este mester.

## **5. VISADO DE INFORMES, DITAMES E PERITAXES**

Enténdese por *Informe* o desenvolvemento con explicacións técnicas das circunstancias observadas no recoñecemento ou exame da cuestión sometida a informe.

Enténdese por *Ditame* a exposición da opinión que emite o Enxeñeiro Técnico Agrícola ou Perito Agrícola sobre a cuestión sometida a ditame.

Enténdese por *Peritaxe* o ditame no que se discirnen cuestións de orde técnico ou se definen circunstancias tamén do mesmo orde.

En tódolos casos, o informe resultante estará presentado coidadosamente, incluído en carpetilla propia ou colexial, coa rotulación en portada dos seguintes datos:

- Título do trabalo.
- Peticionario.
- Emprazamento, en caso de existir.
- Data.
- Autor: nome, apelidos, titulación, número de colexiado e colexio ao que pertence.

A redacción do informe, ditame ou peritaxe incluírá os seguintes apartados:

- Peticionario.
- Antecedentes, se os houberse.
- Obxecto ou motivo que xera o informe.
- Identificación do petionario.
- Emprazamento do obxecto do informe, no seu caso.
- Xustificación técnica dos criterios manifestados, no seu caso.
- Resultados e conclusións.

Como anexos ao informe débense incluír planos de situación, fotografías, bosquexos ou esquemas que reforcen a explicación literaria do informe.

Tódolos informes deberán incluír unha declaración relativa aos artigos 459 e 460 do Código Penal, tal e como indica a Lei 1/2000, Lei de Xuizamento Civil, na que se detallarán os seguintes aspectos: que está feito con arranxo ao seu leal entender e saber, que coñece as sancións penais prescritas en ditos artigos, coas que se comina aos peritos que no seu ditame faltaren maliciosamente á verdade ou que o alteraran substancialmente con reticencias ou inexactitudes, ou silenciando feitos ou datos relevantes que lle foran coñecidos.

Os traballos irán datados no lugar da súa elaboración e asinados polo autor con identificación da firma, titulación, número de colexiado e colexio ao que pertence.

## **6. VISADO DE VALORACIÓNS OU TASACIÓNS**

Son os traballos realizados polo Enxeñeiro Técnico Agrícola ou Perito Agrícola para a determinación do valor ou grao de permutabilidade de bens, riquezas ou cosas útiles.

As valoracións ou taxacións poden referirse a distintos conceptos:

- Valoración de terreos.
- Valoración de construcións, edificios, etc.
- Valoración de plantacións.
- Valoración de melloras agrarias.
- Valoración de cultivos, colleitas e aproveitamentos.
- Valoracións pecuarias (gando).
- Valoración de rendas.
- Valoración de augas.
- Valoración de explotacións agrícolas e pecuarias.
- Taxación de danos.
- Taxación de aproveitamentos de caza.
- Taxación de seguros agrarios.
- Taxación de solares.
- Valoración de instalacións, industrias e actividades colleiteiras, agrarias e alimentarias.
- Valoración de prexuízos ocasionados.
- Valoración de produtos (fritos, pastos, leña, etc.)
- Valoración de rendementos industriais.
- Valoración de indemnizacións.

O informe de valoración presentárase correctamente redactado, mecanografado, sen faltas de ortografía, boa presentación, encadernado en carpetilla con rotulación de portada.

A portada irá rotulada cos seguintes datos:

- Título do traballo.
- Peticionario.
- Emprazamento do obxecto da valoración.
- Data da valoración.
- Autor: nome, apelidos, titulación, nº de colexiado e colexio ao que pertence.

A valoración conterá:

- Antecedentes, se os houbera.
- Obxecto da valoración.
- Criterios técnicos empregados na valoración e metodoloxía utilizada.

- Resultados e conclusións.

Nos anexos deberase aportar copia de tódolos documentos que reforcen os criterios técnicos argumentados na exposición, así como planos de situación, bosquexos ou planos dos bens valorados, documentación fotográfica, bibliografía, etc.

Tódalas valoracións e taxacións deberán incluír unha declaración relativa aos artigos 459 e 460 do Código Penal, tal e como indica a Lei 1/2000, Lei de Axuizamento Civil, na que se detallarán os seguintes aspectos: que está feito con arranxo ao seu leal entender e saber, que coñece as sancións penais prescritas en ditos artigos, coas que se comina aos peritos que no seu ditame faltaren maliciosamente á verdade ou que o alteraran substancialmente con reticencias ou inexactitudes, ou silenciando feitos ou datos relevantes que lle foran coñecidos.

Os traballos irán datados no lugar da súa elaboración e asinados polo autor, con identificación da firma, titulación, número de colexiado e colexio ao que pertence.



## **7. VISADO DE ANEXOS COMO** **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DE** **TRABALLOS PRESENTADOS** **ANTERIORMENTE**

Os anexos que se elaboren e presenten para completar ou corrixir documentos de traballo visados con anterioridade, deberán indicar na portada o seu número de anexo, a denominación do traballo a que se refiren, o número e data do seu visado, así como o resto de datos esixidos en calquera tipo de traballo.

Na súa parte expositiva introdutoria figurará, necesariamente, o obxecto ou motivo da súa confección, que normalmente será por requirimento dalgún organismo no que se presentou o traballo base, acompañando, de poder ser, fotocopia do escrito no que se demanda o seu desenvolvemento.

Polo que se refire á composición destes anexos, estará en función do que traten ou desenvolvan, incorporando a documentación que sexa necesaria, incluso planos e presupostos se se modifican ou complementan os de traballo orixinario.

## **8. VISADO DE TRABALLOS QUE NON SE ENCUADREN NA TIPOLOXÍA ANTERIOR**

A presentación e composición de calquera tipo de traballo que non se poda encadrar en ningún dos tipos especificados anteriormente, realizarase seguindo o modelo e indicacións do que máis se aproxime, introducindo os apartados, datos e documentos que se estimen convenientes e necesarios ou que se coñeza que van ser demandados polo organismo a que van destinados.